



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 7

REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Artigo 1. - FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Fachendas Locais, este Concello establece a Tasa polo servizo de extinción de incendios, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, das cales as normas atenden ao prevenido no artigo 58 da citada lei 39/1988.

Artigo 2. – FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitue o feito imponible da tasa a prestación de servizos polo Parque Municipal de Bombeiros nos casos de incendios e alarmas dos mesmos, afundimentos totais ou –parciais de edificios ou instalacións, ruínas, derrumbamentos, inundacións, salvamentos e outros análogos, ben sexa a solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación de dito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2. Non estará suxeito a esta taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou de unha parte considerable da poboación do Concello ou nos casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

Artigo 3. - SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, os usuarios das fincas siniestradas que fosen obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufructuarios, inquilinos e arrendatarios de ditas fincas.

2. Cando se trate da prestación de servizos de salvamento e outros análogos, será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica e a entidade do art. 33 da Lei Xeral tributaria que os solicitou ou en cuio interés redunde.

Artigo 4. - RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refíren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria, e a entidade aseguradora do risco, conforme ao artigo 76 da lei reguladora do contrato de seguro.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de creba, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que señala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. – EXENCIÓNS SUBXETIVAS

Gozarán de exención subxetiva aqueles contribuíntes que fosen declarados pobres polo precepto legal, estén inscritos no padrón de beneficiencia como pobres de solemnidade ou obteñan ingresos anuais inferiores aos que se correspondan ao salario mínimo interprofesional.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empleen na prestación do servizo, o tempo invertido neste, e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:



- Pola utilización do coche-escalda	31,87 €/hora
- Pola utilización do coche auto-tanque	31,87 €/hora
- Pola motobomba	12,86 €/hora
- Por cada peza da manguera	1,26 €/hora
- Polo xerador de espuma de alta tensión	19,53 €/hora
- Por cada Kg. de espuma normal	2,59 €
- Por cada m3. de aire comprimido envasado (sen recipiente)	3,69 €
- Por cada extintor	12,86 €
- Por cada bombero	25,70 €/hora
- Por cada conductor	30,67 €/hora
- Por cada vehículo que actúe e por cada kilómetro de recorrido, computándose ida e volta	0,22 €/hora

3. A cota tributaria total será a suma das correspondentes a cada concepto reseñado na presente tarifa.

Artigo 7. - DEVENGO

Devengase a taxa e nace a obligación de contribuir cando saia a dotación correspondente, momento en que se inicia, a todos os efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8. - LIQUIDACION E INGRESO

De acordo cos datos que certifique o parque de bombeiros os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9. - INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION ADICIONAL

1. A prestación dos servizos a que se refire a presente ordenanza, fora do termo Municipal, solo levarase a cabo previa solicitude expresa do Alcalde do respectivo Municipio e mediante autorización específica do Alcalde-Presidente desta Corporación.

2. Neste caso, será suxeito pasivo contribuínte, na súa calidade de beneficiario do servizo prestado e solicitante do mesmo, o Concello en cuestión.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, da cal a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de novembro de 2011, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no boletín oficial da e manteráse vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.